

X CONCURSO DE SUBTITULACIÓN AO GALEGO DE VÍDEOS TED DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA

#traduceTED2025

Cos obxectivos de estimular a presenza do galego na comunicación e a divulgación científica e de fomentar a existencia de recursos divulgativos audiovisuais neste idioma, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, a través do Servizo de Normalización Lingüística (SNL), resolve convocar o **X Concurso de subtitulación de vídeos TED ao galego** nos seguintes termos:

1. DESTINATARIOS/AS

Poderá presentarse ao concurso calquera persoa, tendo en conta que deberá escoller entre as dúas **modalidades de participación**:

- **Modalidade A)**
Dirixida a **alumnado, PDI, PI ou PTXAS da USC** durante o ano 2025.
- **Modalidade B)**
Dirixida a **persoas alleas á USC** de 18 ou máis anos.

2. REQUISITOS

As persoas interesadas en participar deberán **subtitular ao galego un vídeo TED de divulgación científica**, seguindo as instrucións que se lles fornecerán despois de matriculárense.

3. PREMIOS

Concederanse un total de **5 premios**, acompañados do correspondente diploma honorífico, repartidos do seguinte xeito:

a) **Modalidade A** (3 premios)

- 1º premio: 300 euros
- 2º premio: 250 euros
- 3º premio: 200 euros

b) **Modalidade B** (2 premios)

- 1º premio: 300 euros
- 2º premio: 250 euros

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria 8051-3051-28533 do Servizo de Normalización Lingüística para o exercicio 2025. Do importe do premio

practicaranse as retencións legais pertinentes (IRPF).

No caso de que o xurado considere que ningún dos traballos presentados nalgunha das modalidades acadara un nivel axeitado podería declararse deserto parte ou todo o premio.

O SNL poderá organizar, se o considera axeitado, un acto de entrega de premios.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DE VÍDEOS

As persoas interesadas en participar deben seguir os seguintes pasos:

4.1. Inscripción como participantes – prazo de solicitude

O prazo de inscrición no concurso abrirase o **17 de xullo** e finalizará o **26 de setembro de 2025**.

A inscrición deberá realizarse a través do formulario accesible desde esta ligazón: <https://forms.office.com/e/zpsN7n6d0W>.

Unha vez inscritas recibirán as instrucións para a subtítulos do vídeo.

4.1.1. Obradoiro de subtítulos

Quen reúna as condicións para participar na Modalidade A pode asistir ao **Obradoiro de subtítulos** (de 4 horas) que se vai desenvolver nos primeiros días de outubro a través de Microsoft Teams. A inscrición nesta actividade, que é **de balde**, realízase tamén a través do mesmo formulario indicado na epígrafe anterior. O SNL pode suspender o Obradoiro se non se inscriben nel un mínimo de 10 persoas.

Todas as persoas que participen nesta actividade e entreguen antes da data límite a tradución ao galego dos subtítulos dun vídeo TED recibirán un diploma de asistencia á actividade, así como unha constancia da experiencia de tradución e subtítulos.

4.2. Prazo para a subtítulos dos vídeos

A data límite para rematar a subtítulos será o **30 de outubro**.

Ao remate do prazo de presentación de solicitudes publicárase unha lista provisoria de solicitudes admitidas e excluídas. As persoas excluídas disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión.

5. RESOLUCIÓN

Os traballos serán valorados por un xurado, nomeado polo SNL, que valorará os traballos presentados conforme os seguintes criterios de valoración:

- Calidade lingüística: ausencia de erros gramaticais, ortográficos, de puntuación...
- Estilo correcto e natural na versión galega
- Precisión da tradución (reproducción correcta do contido na versión galega)

- Sincronización correcta dos subtítulos co vídeo
- Duración e grao de dificultade do orixinal que se subtitula

Unha vez avaliadas todas as contribucións presentadas a concurso, ditarase resolución onde constará o fallo do xurado, e publicarase no taboleiro electrónico da USC e na web do SNL.

As persoas aspirantes aos premios disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución para presentar alegacións. Transcorrido este prazo ditarase resolución definitiva coa concesión dos premios.

6. PROCESO DO CONCURSO

O proceso do concurso poderase seguir a través do sitio web do SNL: <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/normalizacion-linguistica>.

O SNL poderá levar adiante os cambios técnicos que considere precisos para asegurar un mellor desenvolvemento do concurso. De habelos, comunicaranse na páxina web deste evento.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra do exposto nesta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura.

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(por delegación de competencias, RR. do 21 de abril de 2022 e publicación no DOG do 26 de abril de 2022)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: GUMERSINDO FEIJOO COSTA, VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/07/2025 16:53:20.

CSV: 68AE-FB73-43ED-8342